



| Guía Docente          |   |                    |                   |          |
|-----------------------|---|--------------------|-------------------|----------|
| Datos Identificativos |   |                    |                   | 2021/22  |
| Asignatura (*)        | Enfermería Comunitaria II   | Código             | 750G01019         |          |
| Titulación            | Grao en Enfermería  |                    |                   |          |
| Descritores           |   |                    |                   |          |
| Ciclo                 | Período   | Curso              | Tipo              | Créditos |
| Grao                  | 2º cuatrimestre   | Terceiro           | Obrigatoria       | 6        |
| Idioma                | Galego  |                    |                   |          |
| Modalidade docente    | Presencial  |                    |                   |          |
| Prerrequisitos        |   |                    |                   |          |
| Departamento          | Ciencias da Saúde   |                    |                   |          |
| Coordinación          | Couselo Fernández, Ignacio  | Correo electrónico | i.couselof@udc.es |          |
| Profesorado           | Couselo Fernández, Ignacio  | Correo electrónico | i.couselof@udc.es |          |
| Web                   | campusvirtual.udc.gal/  |                    |                   |          |
| Descrición xeral      | Asignatura dirixida a dar continuidade ao aprendido na materia Enfermería comunitaria I, levándoa a un nivel maior de profundidade e especialización. Nesta materia desenvolverase a estrutura do sistema sanitario no que acontece o traballo dos enfermeiros comunitarios, e abordaranse os principais e máis actuais retos da saúde pública e a atención primaria en pos de unha atención comunitaria baseada no empoderamento persoal e comunitario onde sexan os propios cidadáns os que lideren o futuro dos coidados que queren recibir no ámbito da comunidade.   |                    |                   |          |
| Plan de continxencia  | <p>1. Modificacións nos contidos<br/>Non se realizará ningunha modificación</p> <p>2. Metodoloxías<br/>*Metodoloxías docentes que se manteñen<br/>Todas<br/>*Metodoloxías docentes que se modifican<br/>Os estudantes que se atopen nunha situación de confinamento estarán conectados ás sesións de clase que se computan na avaliación continua a través da plataforma institucional Teams e a súa asistencia a probas mixtas na data oficial, e seminarios posporase na medida do posible.</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado<br/>Para a comunicación e seguimento do alumnado utilizaranse as ferramentas informáticas institucionais, sendo o Campus Virtual da UDC a canle principal de comunicación.</p> <p>4. Modificacións na avaliación<br/>Ningunha<br/>*Observacións de avaliación:<br/>A realización das probas será mediante o uso das ferramentas informáticas institucionais. As probas nunha data oficial serán presenciais.</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía<br/>Ningunha</p> |                    |                   |          |

| Competencias do título |  |
|------------------------|--|
| Código                 | Competencias do título   |
| A26                    | Capacidade para describir os fundamentos do nivel primario de saúde e as actividades a desenvolver para proporcionar un coidado integral de enfermaría ao individuo, a familia e comunidade. |
| A27                    | Comprender a función e actividades e actitude cooperativa que o profesional desenvolverá nun equipo de Atención Primaria de Saúde.   |
| A28                    | Promover a participación das persoas, familia e grupos no seu proceso de saúde-enfermidade.  |
| A29                    | Identificar os factores relacionados coa saúde e os problemas do entorno, para atender as persoas en situacións de saúde e enfermidade como integrantes dunha comunidade.                    |



|     |  |
|-----|--|
| A30 | Identificar e analizar a influencia de factores internos e externos no nivel de saúde de individuos e grupos.  |
| A33 | Educar, facilitar e apoiar a saúde e o benestar dos membros da comunidade, cuxas vidas están afectadas por problemas de saúde, risco, sufrimento, enfermidade, incapacidade ou morte.  |
| B1  | Aprender a aprender.   |
| B3  | Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo.  |
| B6  | Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.   |
| B8  | Capacidade de análise e sínteses.  |
| B11 | Capacidade e habilidade de xestión da información.   |
| B12 | Capacidade para organizar e planificar.  |
| B13 | Toma de decisións.   |
| B16 | Coñecer e apreciar a diversidade e a multiculturalidade.   |
| B18 | Desenvolver a capacidade de liderado.  |
| B20 | Sensibilidade cara a temas medioambientais.  |
| B22 | Capacidade para motivarse e motivar a outros.  |
| B24 | Fomentar e aplicar os dereitos fundamentais e a igualdade entre homes e mulleres.  |
| C1  | Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.   |
| C4  | Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.                   |
| C6  | Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.  |
| C7  | Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.   |
| C10 | CB2 Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos a seu traballo ou vocación de unha forma profesional y posúan as competencias que solen demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo. |
| C11 | CB3 Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan una reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.                                  |
| C12 | CB4 Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado  |

| Resultados da aprendizaxe  |  |   |                                    |
|--|--|---|------------------------------------|
| Resultados de aprendizaxe  | Competencias do título   |   |                                    |
|  | Descibir o concepto, fundamentos e desenvolvemento da atención primaria de saúde | A26   | B1<br>B3<br>B8                     |
| Definir o concepto de traballo no equipo de saúde, os principios que o determinan e identificando o rol da enfermeira/o comunitaria. | A27  | B1<br>B3<br>B6<br>B11<br>B12<br>B13<br>B18<br>B22 | C1<br>C4<br>C6<br>C7<br>C10<br>C11 |
| Identificar as necesidades de coidado da persoa, grupos e comunidades  | A28<br>A29<br>A30<br>A33   | B1<br>B6<br>B11<br>B16                            | C1<br>C4<br>C6<br>C10              |



|  |  |  |                                    |
|--|--|--|------------------------------------|
| Identificar problemas de saúde (diagnósticos de enfermaría e/o complicacións potenciais) na persoa, grupos e comunidades | A28<br>A29<br>A30<br>A33               | B1<br>B3<br>B8<br>B11<br>B13<br>B18<br>B20<br>B24              | C1<br>C4<br>C6                     |
| Planificar coidados de enfermaría para os problemas de saude das persoas, grupos y comunidades                           | A28<br>A29<br>A30<br>A33               | B3<br>B6<br>B8<br>B11<br>B12<br>B13<br>B16<br>B20<br>B24       | C1<br>C4<br>C6<br>C7<br>C10<br>C12 |
| Identificar e desenvolver as diferentes fases dos programas de prevención, promoción e educación para a saúde            | A26<br>A27<br>A28<br>A29<br>A30<br>A33 | B1<br>B3<br>B6<br>B8<br>B12<br>B13<br>B16<br>B20<br>B22<br>B24 | C1<br>C4<br>C6<br>C7<br>C11<br>C12 |

| Contidos                                       |  |
|--|--|
| Temas  | Subtemas   |
| Atención Primaria de saúde e saúde comunitaria | <p>Tema 1. Atención Primaria de Saúde</p> <p>1.1 Definición de Atención Primaria. Evolución Histórica.</p> <p>1.2 Estrutura e Organización da Atención Primaria en España e en Galicia.</p> <p>1.3 A comunidade como obxectivo da Atención Primaria.</p> <p>1.4 As intervencións comunitarias.</p> <p>1.5 Modelo de Atención Primaria Orientada á Comunidade (APOC).</p> |
| Equipo interdisciplinario de saúde             | <p>Tema 2. O equipo de saúde.</p> <p>Composición, funcións do equipo e actividades. A enfermeira no Equipo de Atención Primaria</p>  |



|                                   |   |
|-----------------------------------|---|
| Enfermería Familiar e comunitaria | <p>Tema 3. Os cuidados de enfermaría no nivel primario de saúde.</p> <p>3.1 Definición de atención familiar e comunitaria. A enfermeira especialista en atención familiar e comunitaria: competencias. Situación actual.</p> <p>3.2 Modelos organizativos do traballo da Enfermeira Comunitaria.</p> <p>3.3 Modalidades de atención de enfermaría familiar e comunitaria: consulta de enfermaría. Instrumentos de atención directa: entrevista clínica, entrevista motivacional.</p> <p>3.4 Calidade en Atención Primaria de Saúde e en Enfermería Comunitaria.</p> <p>3.5 A familia como unidade básica de atención de enfermaría.</p> <p>3.6 Atención Domiciliaria. Características. Etapas da atención domiciliaria.</p> |
| Educación para a saúde            | <p>Tema 4. A educación sanitaria na comunidade.</p> <p>4.1 Concepto de Educación para a saúde. Obxectivos. Axentes.</p> <p>4.2 Métodos e técnicas didácticas na educación sanitaria.</p> <p>4.3 A Comunicación e a Educación para a Saúde.</p>  |



|  |  |
|--|--|
| <p>Atención de Enfermería nos problemas de saúde prevalentes na comunidade</p> | <p>Tema 5. Atención de enfermaría nas diferentes etapas do ciclo vital</p> <p>5.1 Concepto de plan de saúde. Etapas dun plan de saúde. Concepto de programa de saúde. Metodoloxía da programación de saúde.</p> <p>5.2 Participación da enfermaría familiar e comunitaria nos distintos programas e procesos de saúde.</p> <p>5.3 Programa de Atención á Saúde Infantil, do Escolar e Adolescente.</p> <p>5.4 Programa de atención á Muller.</p> <p>5.5 Programa de Atención ao adulto. Programa galego de vacinación ao adulto</p> <p>5.6 Programa de Atención ao ancián e ao Enfermo Terminal</p> <p>5.7 Procesos e subprocesos de enfermaría na atención integrada dos problemas de saúde prevalentes na comunidade.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Atención de enfermaría na Hipertensión Arterial.</li> <li>- Atención de enfermaría na Diabetes Mellitus.</li> <li>- Atención de Enfermaría no paciente con EPOC.</li> <li>- Coidados de enfermaría ao paciente con úlceras e feridas</li> </ul> |
|--|--|

| Planificación            |   |                   |   |              |
|--------------------------|---|-------------------|---|--------------|
| Metodoloxías / probas    | Competencias  | Horas presenciais | Horas non presenciais / traballo autónomo | Horas totais |
| Sesión maxistral         | A26 A27 A28 A29<br>A30 A33 B1 B6 B11<br>B20 B24 C1 C4 C6<br>C7          | 21                | 42  | 63           |
| Aprendizaxe colaborativa | B1 B3 B8 B12 B18<br>B20 B22 C11   | 8                 | 18  | 26           |
| Lecturas                 | A29 A30 B8 B11 B16<br>C6  | 3                 | 2   | 5            |
| Obradoiro                | A26 A28 A30 A33 B1<br>B3 B11 B13 B16 B20<br>B24 C1 C4 C7 C10<br>C11 C12 | 10                | 20  | 30           |
| Proba mixta              | A26 A27 A28 A29<br>A30 B6 B8 B13 C10<br>C11                             | 2                 | 24  | 26           |
| Atención personalizada   |   | 0                 | 0   | 0            |

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías |            |
|--------------|------------|
| Metodoloxías | Descrición |



|                          |   |
|--------------------------|---|
| Sesión maxistral         | Sesións para introducir ao alumnado nos temas novos de cada bloque temático, esclarecer conceptos e sobre todo para significar o contido do bloque en relación ao aprendido na materia Enfermería Comunitaria I.  |
| Aprendizaxe colaborativa | Resolución de problemas ou desenvolvemento de tarefas de modo colaborativo, non só sumando talento individual, se non aprendendo a construír un grupo con capacidade para resolver problemas e ofrecer respostas creativas ante os novos escenarios sociais que poidan atopar.  |
| Lecturas                 | Lectura de literatura científica recente, ou de documentos de traballo que poden ser de interese para a actualización do alumnado ou para a mellora das competencias esperadas, pero que non se atopan habitualmente nos libros de referencia sobre a materia.  |
| Obradoiro                | Modalidade formativa orientada á aplicación de aprendizaxes na que se poden combinar diversas metodoloxías/probas (exposicións, simulacións, debates, solución de problemas, prácticas guiadas, etc) a través da que o alumnado desenvolve tarefas eminentemente prácticas sobre un tema específico, co apoio e supervisión do profesorado. |
| Proba mixta              | Proba de carácter obxectivo dirixida a avaliar se o alumno acada os obxetivos da asignatura, podendo estar conformada por diferentes tipos de preguntas sexan test, cortas, de asociación, etc...   |

### Atención personalizada

| Metodoloxías                          | Descrición   |
|---------------------------------------|--|
| Obradoiro<br>Aprendizaxe colaborativa | Atención persoalizada a demanda do alumno, coa finalidade de esclarecerlle dúbidas en torno aos contidos da materia ou calquer problema que lle poida dificultar a comprensión ou o seguimento da materia. |

### Avaliación

| Metodoloxías             | Competencias  | Descrición  | Cualificación |
|--------------------------|---|---|---------------|
| Proba mixta              | A26 A27 A28 A29<br>A30 B6 B8 B13 C10<br>C11                             | Proba escrita de composición mixta dirixida a avaliar o logro dos obxectivos propostos na materia.  | 50            |
| Obradoiro                | A26 A28 A30 A33 B1<br>B3 B11 B13 B16 B20<br>B24 C1 C4 C7 C10<br>C11 C12 | Traballo dirixido a que o alumnado obteña destrezas resolutivas en situacións similares ás que atopará na práctica asistencial como enfermeiro comunitario. A asistencia e participación activa na aula a través do obradoiro é obrigatoria. Valorase de forma individual.  | 25            |
| Aprendizaxe colaborativa | B1 B3 B8 B12 B18<br>B20 B22 C11   | É un traballo de grupo obrigatorio no que se presentan ao alumnado tarefas para solucionar en conxunto. A asistencia e participación activa na aula a través dos grupos de traballo é obrigatoria. Para a avaliación dos traballos seguiranse criterios de calidade sobre: presentación, estrutura, contidos, bibliografía e exposición oral. | 25            |

### Observacións avaliación



A metodoloxía de avaliación descrita é obrigatoria para o alumnado de matrícula ordinaria en primeira oportunidade (xuño).

Para superar a materia é necesario aprobar a proba tipo mixto (a puntuación mínima para superar a proba será de 5). O alumnado que concorran á segunda oportunidade (xullo) poderán escoller o mesmo sistema de avaliación ou o de exame único: a) Se opta polo mesmo sistema de avaliación que en xuño, excepcionalmente e só durante este curso académico, poderá conservar a nota da parte que tivese aprobada -se fose o caso- na oportunidade de xuño. b) Se opta polo sistema de exame único, deberá solicitalo por escrito ao profesor antes da data oficial de avaliación. Nese caso o exame contará con dúas preguntas adicionais relativas ás materias traballadas mediante o obradoiro realizado ao longo do curso. O alumnado con matrícula a tempo parcial poden acollerse ao sistema de avaliación de exame único tanto na convocatoria de xuño como na de xullo, debendo solicitalo por escrito ao profesor antes da data oficial de avaliación. A cualificación de Matrícula de Honra poderán obtela o alumnado que puntúen polo menos un 9, con preferencia para as cualificacións de 10. O profesor poderá dirimir quen obtén esta cualificación utilizando a tal fin o contido do exame e dos obradoiros. En caso de igualdade de condicións e habendo máis aspirantes que matrículas, o profesor pode convocar aos alumnos/- as aspirantes para a realización dunha proba voluntaria que dirimirá quen obtén a cualificación MH ata o máximo de matrículas permitido.

Calificación de No Apto: poñerase cando o estudantado non se presente á proba obxectiva de coñecementos.

### Fontes de información

#### Bibliografía básica

- Martínez Riera JR, Del Pino Casado R. (2013). Manual práctico de Enfermería Comunitaria. Barcelona, Elsevier
- Martín Zurro A, Cano Pérez J.F. (2014). Atención Primaria. Barcelona, Elsevier
- Ayuso Murillo D, Tejedor L, Serrano A (2015). Enfermería Familiar y Comunitaria. Madrid, Díaz de Santos
- Bulechek Gloria, Butcher Howar (2014). Clasificación de intervenciones de enfermería (NIC). Barcelona, Elsevier
- Organización Mundial de la Salud (1999). Salud 21. Ministerio de Sanidad y Consumo.
- Formación Alcalá (2017). Enfermería Familiar y Comunitaria. . Jaen: Formación Alcalá
- Moorhead Sue, Johnson Marion (2014). Clasificación de intervenciones de enfermería (NOC). Barcelona, Elsevier
- Johnson Marion, Bulechek Gloria (2011). Interrelaciones NANDA NOC Y NIC. Barcelona, Elsevier
- Clavijo Chamorro MZ (2011). Educación sanitaria enfermera. Junta de Andalucía, Consejería de Cultura
- Arias Vázquez JM, Blanco Rial ML, Constenla Castro A (2005). Estandarización de cuidados de enfermería ao paciente inmobilizado no domicilio. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Consellería de Sanidade
- Delgado Fernández R, Pérez Vázquez A, Rodríguez Iglesias FJ (2005). Manual de prevención e tratamento de úlceras por presión.. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Consellería de Sanidade
- Bulechek GM, Butcher HK, Dochterman JM, Wagner CM, editores. (2014). Clasificación de resultados de enfermería (NIC). 6ª ed. . Madrid: Elsevier
- Herdman, TH (2015). NANDA International (2019). Diagnósticos Enfermeros. Definiciones y Clasificación. 2018-2020. Barcelona: Elsevier
- (). [www.fisterra.com/](http://www.fisterra.com/).
- (). [www.sergas.es/](http://www.sergas.es/).
- (). [www.agefec.org/web](http://www.agefec.org/web).

#### Bibliografía complementaria

### Recomendacións

#### Materias que se recomenda ter cursado previamente

Enfermería Comunitaria I/750G01014

#### Materias que se recomenda cursar simultaneamente

#### Materias que continúan o temario

### Observacións



Para axudar a conseguir unha contorna inmediata sustentable e cumprir co obxectivo da acción número 5: ?Docencia e investigación saudable e sustentable ambiental e social? do "Plan de Acción Green Campus Ferrol":A entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia realizarase a través de Moodle, en formato dixital sen necesidade de imprimilos, no caso de realizarse en papel: non se empregarán plásticos, realizaranse impresións a dobre cara, empregarase papel reciclado e evitarase a impresión de borradores.Débese facer un uso sustentable dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural tendo en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sustentabilidade nos comportamentos persoais e profesionais&nbsp;Facilitarase a plena integración do alumnado que por razón físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso idóneo, igualitario e proveitoso á vida universitariaTraballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas, e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade, no caso de detectar situacións de discriminación por razón de xénero tomaranse medidas para corrixilas.&nbsp;Na realización dos traballos da materia, o plaxio e a utilización de material non orixinal, incluído aquel obtido a través da internet, sen indicación expresa da súa orixe e, se é o caso, o permiso do seu autor/a, será cualificado con suspenso (0,0) na actividade. Todo iso sen prexuízo das responsabilidades disciplinarias ás que puidese haber lugar tras o correspondente procedemento.

**(\*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías**